| | 1 | JORGE (CB Ribadeo) | ADRIÁN L. (Estu 05) |
| **JAVI MOYA** | 10 | JULIÁN (AXSC) | |
| Adestrador | 7 | DANI (CB Celtas) | |
| AG Elev. Sarria | 5 | URKO (MGR Sarria) | RUBÉN/DAVID (AXSC) |
| | 3 | CARLOS (CB Viveiro) | RUBÉN P. (MGR Sarria) |
| | 1 | PABLO (Ensino) | ALBERTO M. (CB Celtas) |

| XOGADORES | Pts | ADESTRADORES | Pts |
|---|---|---|---|
| **JULIÁN (AXSC)** | **68** | **RUBÉN/DAVID (AXSC)** | **24** |
| **CARLOS (CB Viveiro)** | **37** | ZAIDA (Estudiantes 06) | **15** |
| **PABLO (Ensino)** | **33** | NACHO MOTA (CB Ribadeo) | **13** |
| **MANU (CB Celtas)** | **22** | ÁNGEL RIOBÓO (Franciscanos) | **12** |
| **ÁLVARO (CB Burela)** | **21** | ALFONSO FRANCO (Ensino) | 9 |
| PABLO P. (Franciscanos) | **20** | RUBÉN PERNAS (MGR Sarria) | 9 |
| JORGE (CB Ribadeo) | **17** | MANOLO COBAS (CB Burela) | 8 |
| SANTI (Franciscanos) | **14** | ALBERTO MÉNDEZ (CB Celtas) | 6 |
| FABIO (Estudiantes 05) | **11** | JAVI MOYA (AG Elevadores) | 6 |
| MIGUEL (Ensino) | **10** | JUANMA (Cidade) | 3 |
| MATEO P. (Franciscanos) | **9** | ADRIÁN L. (Estudiantes 05) | 3 |
| URKO (MGR Sarria) | **8** | – | – |
| SAMU (AXSC) | **7** | – | – |
| DANI (CB Celtas) | **7** | – | – |
| ALES (Estudiantes 06) | **7** | – | – |
| PABLO R. (Estudiantes 06) | 5 | – | – |
| GABRIEL (AXSC) | 5 | – | – |
| VÍCTOR (Estudiantes 05) | 5 | – | – |
| NACHO (Cidade) | 2 | – | – |
| MARCOS (Estudiantes 06) | 1 | – | – |
| MIGUEL (Cidade) | 1 | – | – |
| XACOBE (Cidade) | 1 | – | – |
| SLATEL (AG Elevadores) | 1 | – | – |




* Ante a imposibilidade de desempate na quinta posición entre Marta (Galén) e Emma (Ensino), o equipo ideal infantil feminino está formado por 6 xogadoras.

| EQUIPOS | Pts. | XOGADORAS | ADESTRADORES |
|---|---|---|---|
| **AIGOR** | 10 | MARTA (Galén) | |
| Adestrador | 7 | SARA (CB Burela) | |
| Ensino | 5 | NURIA (Galén) | AMIR (Galén) |
| | 3 | ALEJANDRA (Estu) | NICO (Estudiantes) |
| | 1 | MARTA (Estudiantes) | MAISA (CB Sarria) |
| **CARLOS MADAR** | 10 | CAROLINA (Ensino) | |
| Adestrador | 7 | PILAR (Franciscanos) | |
| CB Burela | 5 | CELIA (Franciscanos) | NICO (Estudiantes) |
| | 3 | JULIA (Estudiantes) | ANXO (Fran./Cidade) |
| | 1 | HELENA (CB Viveiro) | MARCO (CB Viveiro) |
| **NICO FDEZ.** | 10 | EMMA (Ensino) | |
| Adestrador | 7 | CAROLINA (Ensino) | |
| Estudiantes | 5 | SARA (CB Burela) | AIGOR (Ensino) |
| | 3 | CELIA (Franciscanos) | ANXO (Fran./Cidade) |
| | 1 | DEME (Cidade) | C. MADAR (CB Burela) |
| **ANXO** | 10 | SARA (CB Burela) | |
| Adestrador | 7 | CAROLINA (Ensino) | |
| Franciscanos | 5 | SABELA (CB Burela) | MAISA (CB Sarria) |
| | 3 | DEME (Cidade) | C. MADAR (CB Burela) |
| | 1 | LUCÍA (CB Burela) | AMIR (Galén) |
| **MAISA** | 10 | SARA (CB Burela) | |
| Adestradora | 7 | CAROLINA (Ensino) | |
| CB Sarria | 5 | LEYRE (Estudiantes) | ANXO (Fran./Cidade) |
| | 3 | MARÍA C. (Franciscanos) | AIGOR (Ensino) |
| | 1 | DEME (Cidade) | AMIR (Galén) |
| **SHEILA** | 10 | CELIA (Franciscanos) | |
| Adestradora | 7 | PILAR (Franciscanos) | |
| Cidade de Lugo | 5 | SARA (CB Burela) | MAISA (CB Sarria) |
| | 3 | MENCÍA (CB Sarria) | AMIR (Galén) |
| | 1 | MARTA (Estudiantes) | NICO (Estudiantes) |
| **AMIR** | 10 | CAROLINA (Ensino) | |
| Adestrador | 7 | SARA (CB Burela) | |
| Galén Ensino | 5 | ANTÍA (Ensino) | AIGOR (Ensino) |
| | 3 | DEME (Cidade) | C. MADAR (CB Burela) |
| | 1 | UXÍA (CB Sarria) | ANXO (Fran./Cidade) |
| **MARCO** | 10 | CAROLINA (Ensino) | |
| Adestrador | 7 | SARA (CB Burela) | |
| CB Viveiro | 5 | JULIA (Estudiantes) | AIGOR (Ensino) |
| | 3 | IRIA (CB Burela) | C. MADAR (CB Burela) |
| | 1 | ADRIANA (T. Mariña) | NICO (Estudiantes) |
| **MARIANO** | 10 | CAROLINA (Ensino) | |
| Adestrador | 7 | SARA (CB Burela) | |
| Terras da Mariña | 5 | ALEJANDRA (Estu) | AIGOR (Ensino) |
| | 3 | UXÍA (CB Sarria) | MAISA (CB Sarria) |
| | 1 | FURE (Cidade) | ANXO (Fran./Cidade) |

| XOGADORAS | Pts | ADESTRADORES | Pts |
|---|---|---|---|
| **CAROLINA (Ensino)** | **61** | **AIGOR ROMO (Ensino)** | **23** |
| **SARA (CB Burela)** | **58** | MAISA (CB Sarria) | 14 |
| **CELIA (Franciscanos)** | **18** | ANXO (Franciscanos/Cidade) | 13 |
| **PILAR (Franciscanos)** | **14** | CARLOS MADAR (CB Burela) | 10 |
| **MARTA (Galén Ensino)** | **10** | NICO FDEZ (Estudiantes) | 10 |
| **EMMA (Ensino)** | **10** | AMIR TABOADA (Galén) | 10 |
| ALEJANDRA (Estudiantes) | 8 | MARCO (CB Viveiro) | 1 |
| JULIA (Estudiantes) | 8 | – | – |
| DEME (Cidade) | 8 | – | – |
| NURIA (Galén Ensino) | 5 | – | – |
| SABELA (CB Burela) | 5 | – | – |
| LEYRE (Estudiantes) | 5 | – | – |
| ANTÍA (Ensino) | 5 | – | – |
| UXÍA (CB Sarria) | 4 | – | – |
| MENCÍA (CB Sarria) | 3 | – | – |
| IRIA (CB Burela) | 3 | – | – |
| MARÍA C. (Franciscanos) | 3 | – | – |
| MARTA (Estudiantes) | 2 | – | – |
| FURE (Cidade) | 1 | – | – |
| ADRIANA (T. Mariña) | 1 | – | – |
| LUCÍA (CB Burela) | 1 | – | – |
| HELENA (CB Viveiro) | 1 | – | – |



Os xogadores e técnicos do CB Celtas Martínez Otero-.Burela posan para Líder Basket como campións de minibasket despois da rematar o partido contra Cidade de Lugo

# Celtas, campión tras impoñerse no duelo directo ante Cidade

**O EQUIPO DE ALBERTO MÉNDEZ** alzouse co título provincial a dúas xornadas do final da competición en minibasket masculino. CB Burela e CB Sarria disputarán o título feminino

O CB Celtas Martínez Otero-Burela proclamouse campión provincial de minibasket masculino tras impoñerse a Cidade de Lugo, o único equipo que conservaba opcións matemáticas de disputarlles o título aos mariñaos, cunha posición hexemónica no grupo desde o inicio da competición.

Como sucedera na primeira volta, o equipo de Alberto Méndez apenas deu opcións aos capitalinos, selando a vitoria cun marcador de 22-72. Na ida, tamén se pechara a acta antes de rematar o encontro (79-29).

**Invictos**

Os mariñaos alzáronse co título a dúas xornadas para o final da competición que afrontan co obxectivo de manter a imbatibilidade.

Para completar o reto só lles queda un encontro por disputar, con María Auxiliadora, posto que adiantaron o partido correspondente á penúltima xornada da competición ante Cristo Galicia CB Sarria.

A fin de semana na categoría completouse con triunfos de Galén Ensino, Estudiantes Azul e Carferlo CB Viveiro. Os mariñaos impuxéronse a María Auxiliadora por so dous puntos de diferenza, 38-40.

**Minibasket feminino**

Na categoría feminina, o Alas de Mariposa CB Burela e o María T. Martínez Dental CB Sarria disputarán a final polo título. Burelás e sarriás confirmaron o pase tras impoñerse nos partidos de volta das semifinais.

As mariñás volveron vencer a Cidade de Lugo, 66-46, o pasado mércores, mentres o CB Sarria repetiu triunfo ante Franciscanos, 60-31. o domingo. A final, con datas aínda por confirmar, xogarase tamén a dous partidos.

Os precedentes da liga favorecen ás de Burela, que foron primeiras na competición regular cun pleno de vitorias, incluídas as dos partidos disputados contra as sarriás, por cinco puntos na ida, no Chanto, 47-52, e por dez na volta en Vista Alegre, 49-39.

**Terceiro e quinto posto**

Cidade e Franciscanos xogarán pois a final polo terceiro posto mentres que CB Viveiro e Estudiantes Celeste disputarán o quinto posto.



Minibasket | **Cidade Lugo - CB Celtas**



Minibasket | **Cidade Lugo - CB Celtas**



Minibasket mixto | **María Auxiliadora - CB Viveiro**



Minibasket mixto | **María Auxiliadora - CB Viveiro**



Nadia coa pelota nunha xogada de contraataque

## Gran reacción de Maristas na segunda metade

**OS COLEXIAIS** impuxéronse no global do segundo tempo por 32-24 a Montrove no Anexo

| MARISTAS 51 | | MONTROVE 65 |
|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador |
| **David** | | Fernández |
| **Juan** | | González |
| **Nadia** | | García |
| **María** | | Gónzalez |
| **Jorge** | | Calvo |
| **María** | | Díaz |
| **Carlos** | | Abeal |
| **Javi** | | Abuín |
| **Néstor** | | Martínez |
| **Diego** | | Cofán |

**"El equipo tuvo una gran capacidad de reacción en el segundo tiempo. Seguimos mejorando"**
ÓSCAR ENGROBA Maristas Lugo

Maristas xogou ante Montrove do mesmo xeito que evoluciona o equipo de Óscar Engroba esta tempada, de menos a máis. Os colexiais víronse superados na primeira parte pola superioridade física do seu rival, ademais de xogar demasiado atenazados polos nervios.

Con todo, cando o máis fácil sería deixarse levar, tralo descanso os lucenses deron un paso á fronte e terminaron a segunda parte con máis 8 no marcador global.

No segundo tempo Maristas chegou ata a ver preto a remontada tras poñerse a tan só oito puntos de Montrove cun equipo formado integramente por compoñentes de primeiro ano e mixto, ante un rival moi forte con xogadores máis altos e maiores.

# Primeira vitoria celeste na segunda fase

**ESTUDIANTES ESTRENOU A CONTA** ante Basquet Coruña nun bo encontro disputado no Anexo o pasado sábado pola mañá

| ESTUDIANTES 71 | | B. CORUÑA 63 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| **Rubén** | | Lorenzo | |
| **Eloy** | | Soto | |
| **Nayo** | | Morón | |
| **Bosco** | | Sánchez | |
| **Mesfín** | | Eiras | |
| **Pablo** | | Fraga | |
| **Diego** | | Vázquez | |
| **Martín** | | López | |
| **Manuel** | | García | |
| **Samuel** | | Villar | |
| **Antonio** | | Neira | |

**"Un buen partido de todos los jugadores tras el que estoy contenta con el esfuerzo y trabajo realizado"**
ZAIDA IGLESIAS Estudiantes Leyma

A primeira vitoria do Estudiantes na segunda fase fíxose de rogar pero xa está aquí. O conxunto que dirixe Zaida Iglesias impúxose a Basquet Coruña no Anexo nun encontro de poder a poder no que os lucenses tiveron as ideas máis claras non momentos clave do encontro.

Un bo ataque e unha boa defensa foros as bases sobre as que se asentaron os lucenses. Ademais da concentración e o esforzo, determinantes nos momentos menos lúcidos.

O 26-10 do quinto parcial resultou determinante, xa que foi o cuarto no que máis diferenza houbo entre os dous conxuntos. A partir de aí Estudiantes xogou á perfección co marcador a favor ata alzarse coa agardada primeira vitoria nesta fase.



Bosco superando a un xogador rival nun lance do xogo



Martín Fernández co balón entre dous xogadores herculinos e baixo a mirada de Samuel

## O premio resístese, pero seguro que chegará

**O RÍA DE RIBADEO** volveu coquetear coa vitoria nun igualado partido ante Liceo Noia

| RIBADEO 80 | | NOIA 92 |
|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador |
| **Carlos** | 2 | Martínez |
| **Nacho** | 2 | Queiruga |
| **Héctor** | | Sendón |
| **Andrés** | 6 | Insua |
| **Iván** | 19 | Carou |
| **Diego** | 11 | Freire |
| **Martín** | 18 | Queiro |
| **Zoe** | 6 | Pía |
| **Alejandro** | 14 | Leis |
| **Hugo** | 2 | |

**"Buen partido en el que sólo faltó elpremio de la victoria"**
SAMA Ría de Ribadeo

O Ría de Ribadeo segue acariciando o triunfo na Liga Galega alevín. Os de Sama xa a levan merecendo con creces pero esta, a pesar de que se resiste, chegará máis cedo que tarde.

Ante Noia os mariñaos xogaron un bo baloncesto, sobre todo en ataque con moito acerto no tiro e reparto de puntos entre os xogadores, de aí a que os primeiros parciais foran de poder a poder, 13-12, 16-18 e 12-11 para chegar ao descanso con empate no marcador, 41-41.

Co paso dos minutos no segundo tempo Noia fixo valer a súa superioridade física, tanto en centímetros coma en quilos para anotar con fluidez debaixo do aro ante un Ribadeo que seguiu competindo na pista e no marcador ata os minutos finais do encontro en busca dunha vitoria que se volveu facer de rogar.

Na próxima xornada Ribadeo viaxará a Culleredo para medirse co terceiro clasificado deste grupo.

## Sarria tamén sabe gañar aos "grandes"

**PRIMEIRA VITORIA** na segunda fase, na que os de Xabi López-Acevedo seguen indo a máis

| PELETEIRO 78 | MGR SARRIA 84 |
|---|---|
| Xogador | Xogador |
| Míguez | **Mateo** |
| Fuentes | **Brais** |
| Pérez | **Fausto** |
| Montero | **Manuel** |
| Morales | **Dimas** |
| Raviña | **Diego** |
| Fugueiras | **Xabelo** |
| Beltrán | **Uxío** |
| Carballal | **Álvaro** |
| Bueno | **Sergio** |
| Melero | |
| Turnes | |

**"Este grupo tan comprometido de alevines merecía una victoria en esta fase de la Liga Gallega"**
XABI LÓPEZ-ACEVEDO MGR Sarria

Sarria xa sabe o que é gañar no grupo elite, no que compiten os mellores equipos de Galicia en idade infantil. Os de Xabi López-Acevedo están entre eles, pero aos sarriaos faltáballes a guinda dunha vitoria e esta chegou en Santiago ante Peleteiro.

O equipo deu un paso á fronte en defensa e pechou o rebote en ambas pinturas, sendo estas as principais claves da vitoria.

O 11-16 do primeiro parcial xa era unha declaración de intencións nun partido que chegou ao descanso con 43-44 no marcador.

Na segunda parte Sarria rompeu o encontro cunha gran defensa e acerto en ataque asinando un 7-15 no cuarto parcial. Con nove puntos de vantaxe os lucenses souberon manter a renda ata asinar a súa primeira vitoria.

## Os picos de bo xogo decidiron o encontro

**ESTUDIANTES** impúxose en Santiago de Compostela nun partido con moitos altibaixos

| CLUNY 007 43 | ESTUDIANTES 76 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Bello | **Carlota** |
| Trillo | **Nerea** |
| Arines | **Lucía** |
| Muntaner | **Marina** |
| Rodríguez | **Eva** |
| Muñiz | **Valle** |
| Guillán | **Laura** |
| Cabaleiro | **Henar** |
| Outes | **Daniela** |
| Seoane | **Alma** |

**"No ha sido uno de nuestros mejores partidos, se ha notado la falta de concentración"**
ZAIDA IGLESIAS Estudiantes

Estudiantes mantense no segundo posto tras impoñerse en Santiago de Compostela a Cluny 007 nun partido no que os picos de bo baloncesto eclipsaron as lagoas e a irregularidade das lucenses ao longo do encontro.

O conxunto celeste, dirixido nesta ocasión por Zaida Iglesias ao estar Fernán Varela disputando o Campionato de España júnior feminino, tomou as rendas do marcador cun primeiro parcial de 9-16, mentres que no segundo foi de 11-15 e antes do descanso despegaron cun 5-13 co que poñían fin á resistencia compostelá.

Na segunda parte os dous primeiros parciais volveron ser igualados, 6-8 e 9-12, mentres que no último Estudiantes ampliou a vantaxe cun 3-12 para selar o definitivo 43-76.

# Estrea pletórica do Burela

**O EQUIPO DE MADAR** debutou na fase de Ascenso cunha vitoria coral ante Noia e agarda na primeira praza polo Basquet Coruña


As xogadoras do Academia A Mariña Burela animándose tras un tempo morto nun partido disputado esta tempada

| CB BURELA 68 | | CB NOIA 36 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P |
| Sara | 18 | Otero | |
| Lucía P. | 2 | Queiruga | |
| Henar | 14 | Insua | |
| Sofía | 9 | Rodríguez | |
| Noa | | García | |
| Ainoa | | Sidibe | |
| Lucía S. | 2 | López | |
| Sandra | 4 | Brea | |
| Cecilia | 8 | París | |
| Iria | 6 | Oliveira | |
| Sabela | 5 | | |
| Paula | | | |

> "Buen partido en líneas generales de todas las jugadoras"
>
> MADAR Academia A Mariña CB Burela

O Academia A Mariña CB Burela entrou con paso firme na fase de Ascenso á liga infantil galega. O equipo de Madar estreouse na competición cunha ampla vitoria sobre o CB Noia en Vista Alegre e pasa a primeira semana no liderado do Grupo Norte, o obxectivo polo que loitar durante o resto das xornadas.

No debut todas as xogadoras tiveron protagonismo contribuíndo a un triunfo que empezou a tomar forma no primeiro periodo, cun parcial contundente, 18-5.

Cunha forte defensa que lles permitiu sair e anotar en transicións rápidas e acertadas tamén nos tiros de media distancia en accións de ataque estático, as burelás foron ampliando a diferenza, gañando todos os parciais: 7-3, antes do descanso, nos minutos máis frouxos do partido, 25-14 no terceiro periodo e 18-14 no derradeiro cuarto.

Tras a cómoda vitoria ante o CB Noia, o conxunto de Madar prepárase para a visita ao Basquet Coruña, que tamén gañou o encontro inaugural ante o Baxi Ferrol,o cuarto equipo en liza na loita por unha praza na liga galega.


Pablo a piques de lanzar a canastra ante un defensa

## Caeron fóra da pista

**O EXTRADEPORTIVO** condicionou a Sagrado

| MONTROVE 93 | | SAGRADO 76 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | P |
| Ventureira | | Pau | |
| Baleato | | Antón | 6 |
| Cacheiro | | Julián | 25 |
| Vilariño | | Jorge | 3 |
| Maceiras | | Pablo | 21 |
| Gómez | | Yishak | 1 |
| Boo | | Gabriel | 6 |
| Balsa | | Néstor | 14 |
| Rodríguez | | Carlos | |
| Seoane | | | |

> "Muy contentos con el partido a pesar de que físicamente nos va a costar competir en esta fase"
>
> RUBÉN ENGROBA Sagrado

A crónica da derrota de Sagrado en Montrove comeza fóra da pista. Obrigados a xogar ás sete da tarde, a pesar de solicitar o cambio de partido - catro xogadores do equipo xogaran ás 4 en Lugo-, e tras unha viaxe apresurada, o equipo de Rubén Engroba atopouse en Oleiros cun rival moi físico, que xogou co regulamento nas accións defensivas, Con moitos roubos na presión e tres triplos, os coruñeses asinaron un parcial de 33-17. Un castigo excesivo para un Sagrado Corazón que, co paso dos minutos, máis empezou a dominar o xogo e recurtou a distancia a cinco puntos antes do descanso e a só un ao final do terceiro periodo, a pesar de contratempos como os golpes que obrigaron a sentarse uns minutos a Julián e a Pablo. No derradeiro cuarto, moi mermados fisicamente, non puideron culminar a remontada.

# Hierros deixou escapar o triunfo

**AS PERDAS DE BALÓN PENALIZARON AOS DE ÓSCAR ENGROBA** no seu debut na Copa Primavera ante Narón, que se impuxo por só tres puntos de diferenza

| HIERROS 61 | | NARÓN 64 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Mario | 6 | Martín | |
| Juan | 11 | Villarino | |
| Adrián | 8 | Suárez | |
| Miguel | | Rey | |
| Martín | 3 | Sánchez | |
| Mateo | 9 | Naviera | |
| David | 5 | Bello | |
| Álex | | Rey | |
| Dani | 19 | Díaz | |
| Pablo | | López | |

> "Cometiendo tantas pérdidas de balón, imposible tener opciones de ganar"
>
> ÓSCAR ENGROBA Hierros

Hierros Ferreiro non estivo fino no seu debut na Copa Primavera, na que estreou o sábado. Os de Óscar Engroba medíronse no Anexo a un Baloncesto Narón que aproveitou das numerosas perdas de balón dos locais e acabou levando o triunfo.

Os coruñeses, fisicamente superiores aos lucenses, dominaron o rebote ofensivo, anotando moitos puntos en segundas opcións durante o prmeiro periodo, que rematou cun parcial de 16-22.

Pero foi no segundo cuarto cando as imprecisións lles empezaron a facer máis dano aos de Engroba, que cun recital de pérdidas desperdiciaron ataque tras ataque acabando o segundo periodo con só catro puntos anotados.


Martín lanza baixo o aro ante un contrario


Juan, que se foi ata os 11 puntos, nun ataque de Hierros

O paso polos vestiarios sentoulles ben aos lucenses que, na volta á cancha, pecharon mellor o rebote e estiveron acertados nos tiros de tres contra a zona dos locais chegando a empatar o encontro a falta dun minuto e medio para o final. Nos últimos tres ataques apareceron de novo as imprecisións evitando que a remontada puidese culminarse.

Hierros Ferreiro volverá xogar na casa na segunda xornada da competición na que se medirá ao Baxi Ferrol. O terceiro duelo será contra BBCA.

**15**

**POSESIÓNS MENOS**

As pérdidas de balón condenaron a Hierros Ferreiro nun partido de marcador parellllo ante CB Narón

# Sen combustible no último periodo

## O RIBADEO XOGOU DE TI A TI fronte a Compañía de María ata o derradeiro cuarto, no que acusaron o baixón físico

| CÍA MARÍA 48 | | CB RIBADEO 39 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Cabo | | **Sara F.** | |
| Peña | | **Aldara** | 1 |
| Martínez | | **Andrea** | 3 |
| Mutico | | **Sara L.** | 9 |
| Vidal | | **Irene** | 21 |
| Brey | | **Marta** | |
| Menéndez | | **Daniela** | |
| Rivas | | **Julia** | 5 |
| Alonso | | | |
| Valeiras | | | |

> "Tiene mucho mérito lo que hacen estas chicas para plantar cara a los grandes equipos de esta fase"
> JOSE VÁZQUEZ CB Ribadeo


A ribadense Aldara nun encontro no Anexo

O CB Ribadeo volveu desafiar a hexemonía dos "grandes". As de José Vázquez xogaron de ti a ti en Compostela, fronte a Compañía de María, que acabou impoñéndose no derradeiro período, cando o cansazo físico fixo máis evidente a diferenza na profundidade de plantilla dos dous equipos.

As ribadenses comezaron o encontro moi enchufadas, con ganas de resarcirse da derrota na casa contra Maristas, e, nos primeiros minutos, lograron un parcial de 2-10 que meteu o medo no corpo ás compostelás. A perfecta defensa de Julia sobre a base local atascou ao equipo santiagués, que só foi capaz de anotar 6 puntos no primeiro período, 6-15.

A actividade defensiva foi cargando de faltas ao conxunto de José Vázquez que, xa no segundo cuarto, tivo que sentar varios minutos a Aldara e Irene. Compañía de María aproveitou para devolverlles o parcial e empatar o partido ao descanso, 19-10.

Tras o paso polos vestiarios, volveu a igualdade cun terceiro cuarto moi disputado, 13-12, no que, sen embargo, empezaban a advertirse algún síntoma de cansancio nas ribadenses, fronte á maior comodidade coa que xogaban as locais.

A gasolina das mariñás aguantou ata o último cuarto, cando o equipo se desmoronou fisicamente, sobre todo en ataque, onde a defensa compostelá cortou todos os balóns dirixidos a Irene, a mellor arma do equipo. A pivot anotou 21 dos 39 puntos do Ribadeo.


Hugo Cobas recibe un balón nun encontro de Liga

# Un castigo excesivo

## A EXPULSIÓN DE MARIO desmoronou ao equipo

| SAN CIPRIÁN 43 | | SAN PELAYO 68 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| **Miguel** | 6 | Willemse | |
| **Antón** | 4 | Revenga | |
| **Manuel** | 2 | Area | |
| **Hugo** | 4 | Villasanta | |
| **Martiño** | 12 | Conejo | |
| **Diego** | 5 | Rodríguez | |
| **Mario** | 4 | Couso | |
| **Luis** | | Noya | |
| | | García | |
| | | Rodríguez | |

> "El peor partido del año, no estuvimos centrados en el juego"
> MANOLO COBAS San Ciprián

O primeiro partido da fase de Ascenso na casa non foi para o San Ciprián como agardaba. O equipo de Manolo Cobas estivo moi lonxe da súa mellor versión ante San Pelayo Fedesa, que aproveitou a falta de concentración e intensidade defensiva dos locais para anotar canastras fáciles á contra e asinar un primeiro parcial que marcaría o devir do encontro na Veiga, 10-25.

No segundo periodo, os mariñaos conseguiron frear a sangría cun parcial de 10-12, pero, tras o descanso, cando parecía que a reacción podía ter continuidade, a expulsión de Mario, descalificado por dúas técnicas, aos cinco minutos do reinicio, diluiu calquera esperanza para o equipo, que perdeu todo confianza nas súas posibilidades. Así, o parcial concluíu cun 8-17, que ampliou a diferenza antes dun último cuarto equilibrado, 14-14.

# Segunda vitoria do MGR Sarria

## LÍDER EN SOLITARIO DO GRUPO II DA COPA PRIMAVERA tras impoñerse nos dous partidos disputados no torneo. Sagrado Corazón e Viveiro, do Grupo I, tamén gañaron


Carlos, xogador de MGR Sarria, coa pelota nun encontro de Liga regular disputado no Anexo

**2**

**VITORIAS DO MGR SARRIA**
Os sarriaos son o único equipo que gañou os dous partidos disputados neste tramo inicial da Copa Primavera

**1**

**PUNTO DE DIFERENZA**
Sagrado Corazón impúxose a Oral Design por un punto, 40-41. Na liga, a diferenza para os capitalinos rondara os trinta puntos

O MGR Sarria lidera en solitario o Grupo II da Copa Primavera tras impoñerse a Estudiantes Rojo, 55-43. O conxunto sarriao foi o único da competición que disputou e gañou os dous primeiros encontros do torneo que pon o epílogo á temporada, despois de disputarse a liga.

O MGR xa vencera aos estudiantis no partido de volta da competición regular despois de perder na ida.

A comparativa entre os resultados da liga e os do torneo tamén permite unha interpretación positiva da derrota do Oral Design CB Sarria, que caeu de forma amarga, na última xogada do encontro, ante Sagrado Corazón, 40-41, xa que nos partidos de liga a diferenza rondara os 30 puntos.

Os capitalinos chegaron ao último cuarto cunha vantaxe de oito puntos pero no derradeiro periodo os sarriaos aumentaron a intensidade defensiva e comezaron a recortar distancia, aproveitando tamén os fallos no tiro de Sagrado Corazón, que encadou neses minutos un erro tras outro. Nos últimos segundos mesmo desperdiciaron dous tiros libres para levar a ventaxa aos tres puntos, concedendo un saque de banda aos sarriaos que, con dous segundos por diante, culminaron a acción cun tiro moi forzado sen acerto.

**Grupo I**

Tras caer na xornada inaugural ante CB Ribadeo, o CB Viveiro estreou o seu casilleiro na Copa Primavera cunha vitoria ante Estudiantes Azul, ao que xa vencera na penúltima xornada da Liga Regular.

O outro encontro da xornada, entre Ensino Lugo e CB Ribadeo, disputarase o venres.

# Special Olympics

## PRETO DE 240 DEPORTISTAS FORON PROTAGONISTAS dos XXII Xogos Autonómicos que se disputaron o pasado sábado no Pavillón Novo de Sarria

O pasado sábado celebráronse os XXII Xogos Autonómicos de Campo a Través e Petanca de Special Olympics Galicia. Esta competición atlética reuniu no Pavillón Novo de Sarria a preto de 240 deportistas con capacidades diferentes de 17 asociacións de toda Galicia.

A asociación Special Olympics Galicia traballa para promover a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual a través do deporte e do ocio. O Goberno provincial colabora con esta asociación fomentando actuacións que redunden na mellora da calidade de vida deste colectivo.

Nesta nova edición dos Xogos Autonómicos participaron 239 deportistas con discapacidade intelectual de 17 asociacións de toda Galicia, que estiveron acompañados por 52 adestradores. O CAPD SARRIA, que exerceu de anfitrión, participando cun total de 22 deportistas e 10 adestradores. Para organizar esta 22ª Edición dos Xogos, Special Olympics Galicia tamén contou coa colaboración de FADEMGA.

**Celebración dos Xogos**

A celebración destes Xogos segue o cerimonial das celebracións das Olimpíadas. Os deportistas das 17 asociacións participantes desfilaron ante os presentes. Posteriormente un deportista do CAPD SARRIA leeu o lema dos deportistas de Special Olympics "Quero gañar, máis se non o acado, deixádeme ser valente no intento".

A inauguración oficial dos Xogos contou coa presenza de representantes do Concello de Sarria e de integrantes da Xunta Directiva do CAPD SARRIA, da Xunta Directiva de FADEMGA Plena inclusión Galicia e de Special Olympics Galicia. Despois da inauguración comezaron as probas, que tiveron lugar durante todo o día.

Os xogos de campo a través seguiron as regras básicas dos eventos deportivos organizados por Special Olympics. Establecendo tres niveis de participación en función dos coñecementos que os deportistas teñen das regras así como das súas capacidades físicas. Organizáronse probas adaptadas e os atletas competirán en Nivel I (alto), Nivel II (intermedio) e Nivel III (básico).

Ambas modalidades, campo a través e petanca, contarán coa celebración de probas unificadas, un programa que combina atletas con discapacidade intelectual con atletas sen discapacidade en deportes de equipo. O Deporte Unificado é o maior exemplo para fomentar a inclusión dos atletas a través do deporte, pois a participación de deportistas con e sen discapacidade é a mellor mostra das posibilidades que ofrece o deporte como ferramenta de integración social.




